

aelg

ONDE O MUNDO SE CHAMA CELSO EMILIO FERREIRO

**Unidade didáctica
(2º ciclo secundaria)**



Ramón Nicolás Rodríguez

Índice

- 1. 1912-1936: CELANOVA, A FORMACIÓN**
- 2. 1936-1940: DAS TEBRAS Á LUZ: A GUERRA E MORAIMA**
- 3. 1940-1950: OS DUROS ANOS PONTEVEDRESES, A PRIMEIRA POSGUERRA**
- 4. 1950-1966: “Fe, fe, ferrové, / ferrové, ferrovello”:
VIGO**
- 5. 1966-1973. CARACAS: O DURO EXILIO**
- 6. 1973-1979. MADRID E O FINAL**

1. 1912-1936: CELANOVA, A FORMACIÓN

*Celanova ten un vento,
Celanova un vento ten,
un vento peleriñante,
un vento que vai e ven.*

Nace Celso Emilio o día catro de xaneiro de 1912 en Celanova, vila que constituirá un elemento axial na súa produción literaria. As longas tempadas que pasaría en Acevedo do Río, nunha magnífica casa familiar que contaba cunha curtidoría tradicional e numerosas terras, marcará tamén a súa memoria da infancia, xunto co ambiente progresista e galeguista no que alentarán os seus primeiros anos pois seu pai pertencera ás Irmandades da Fala.

Realiza os seus primeiros estudos cos Escolapios en Celanova e axiña vai asumir dous elementos que marcarán o seu carácter: a escrita e o compromiso ideolóxico e político. Comezará a manter contacto cos galeguistas ourensáns: Risco, Otero... e ao tempo principia coas súas primeiras actividades políticas en Celanova, fundando, con Xosé Velo Mosquera, as Mocidades Galeguistas do distrito de Celanova, será secretario de Organización do conxunto das Federación das Mocidades e dirixirá *Guieiro. Outavoz patriótico F.M.G.* Algúns textos políticos que asinou aí conlevan un proceso xudicial que finalmente quedaría sen efecto. Durante un curto espazo de tempo exerce como concelleiro nacionalista na corporación municipal de Celanova.

Asina, tamén, os seus primeiros poemas en *Heraldo de Galicia* e xunto con Xosé Velo concibe o *Cartafol de poesía*: poemas que enviaban desde Celanova a persoa interesadas na poesía.

Actividades:

1. Procura, na *Obra galega completa* do autor, algún poema de Cartafol de poesía e repara na súa orientación temática: versos amorosos, reivindicativos....

2. Que eran as Irmandades da Fala? E as Mocedades

Galeguistas?

3. Le estes dous poemas ambos os dous de *Onde o mundo se*

chama Celanova :

Modestia fora

Nacín (modestia fora)
nun lugar onde o mundo
se chama Celanova.

Moitas vegadas
a miña nai contóumo.
O día que ti naciche
houbo estranas sinais no ceo.
Outo era entón o vento de xaneiro,
as pombas do solpor tornaban lentas
na serán sosegada.
Arpas invisíbeles,
penduradas das torres centinelas,
mentían un rumor de frautas doces.
Cando chegou a noite envolta en nardos
coutou a derradeira luz do día
que aguniaba alá lonxe
como brasa mortiza dun rescaldo.

(Como brasa mortiza
ten sido a miña vida,

como brasa mortiza dun rescaldo.
Por eso vivo coa angueira

de non saber si son lume
ou si son somente fume
dunha remota fogueira.)

Alma da terra

Lonxana Celanova vinculeira,
torre ebúrnea da miña mocidade,
cando te lembro sai da súa toqueira
coma un furón de soños, a saudade.

Unha chuvia monótona e tristeira
cai decote na miña intimidade,
e sinto que unha sombra silandeira,
coma un solpor o meu espírito invade.

Quero voltar a ti, nai garimosa,
colo natal, arxila rumorosa,
pra acalar esta anguria que me berra

dende o fondo da noite estrelecida,
pedindo amor, pregando fe de vida
pra ser eternamente alma da terra.

Caracas 1971

- Que elementos presentan estes dous poemas en común?
- Que perspectiva adopta a voz lírica no primeiro poema? E no segundo?
- Repara nos elementos tirados do mundo natural que aparecen nos dous poemas. Apúntaos e procura unha explicación para o uso desta selección léxica.
- Rescata algunha lembranza da túa infancia e tenta darlle forma poética como fixo Celso Emilio.

2. 1936-1940: DAS TEBRAS Á LUZ: A GUERRA E MORAIMA

Ao estoupar a guerra civil Celso Emilio é chamado á filas cos mozos da súa quinta e destinado á fronte de Asturias. Liquidada a guerra en Asturias é destinado a Transmisións no edificio da Telefónica de Oviedo onde, dun xeito casual en 1938, coñece a Moraima, con quen casará máis adiante e con quen terá catro fillos: Luís , Xosé María, Isabel e Xabier.

Nun permiso en Celanova fala criticamente nunha tasca sobre o novo réxime e unha veciña denunciao ás autoridades do lugar, de xeito que pasa catro días e tres noites nunha cela do mosteiro de San Rosendo. O Gobernador Militar de Ourense ordena a súa execución, que non se cumpre mercé a influencias de carácter familiar: aí nacerá o seu coñecido poema “Longa noite de pedra”, que logo lle daría o título ao libro homónimo.

Á conclusión da guerra retorna a Celanova e exerce con Velo Mosquera a docencia na súa vila, iniciando por libre estudos de Dereito e Maxisterio.

Actividades:

1. Procura algunha versión musicada do poema “Longa noite de pedra” e escóitaa con atención.
2. Procura información nalgunha web na que explique que funcións cumpriu o mosteiro de S. Rosendo ao longo da guerra civil en Celanova.
3. Le este poema, “Agosto 1972”, tirado de *Onde o mundo se chama Celanova*.

Agosto 1972

*A min non me importa
que o pazo da morte estea ahí enfrente.*
A.S.

Sabes, Moraima,
a morte é unha soia criatura,
pro ten moitas caretas diferentes
e gadañas ubicuas.

Un día olléina,
con figura de peixe,
nadando pola febre
dun neno enfermo.
Dempóis trocouse
nun escuro trebón
agallopando a chaira.

Vestida de mapoula
vina outra vez poñendo
letras macabras
nos muros brancos.
Viva eu, escribía,
viva eu, escramaba a morte mesma.

E nun vello mosteiro
miréina retratada de vampiro
nos ollos centinelas que gardaban
a seiscentos prisoeiros.

Co nome de Xosefa
vina outra vez
pedindo o sangue
dos inocentes
pra apagar o seu odio
de Némesis ouscena.

E voltéi a topala
nas Asturias de Oviedo
vestida de soldado,
disfrazada de lóstrego,
envolta en poo e chumbo,
asubiando unha estrana melodía.

E tornéi a mirala
nas rúas de Caracas,
cando a terra tremeu
con espasmos xeolóxicos
e a cidade bradaba
coma besta ferida.

A derradeira vez
que me atopéi con ela
foi dentro dun Volkswagen
—¿lémbreste?—
pro esa é outra historia.

Responde a estas cuestións:

- Con que imaxes vincula á morte?
- Poden ter estas algún tipo de interpretación biográfica?
- Con quen fala o autor?
- Repara en como se articula o poema: unha xustaposición de lembranzas asociadas á morte. Fai ti o mesmo nun breve poema pero asociadas a momentos felices.

3. 1940-1950: OS DUROS ANOS PONTEVEDRESES, A PRIMEIRA POSGUERRA

Celso Emilio Ferreiro oposita e gaña o posto de Secretario e logo de Xefe de Xustiza na Fiscalía de Taxas de Pontevedra, onde traballou entre 1941 e 1950. Esta será a época na que escribirá poemas, contos e artigos, integrarase intensamente na vida cultural da cidade, frecuentará os faladoiros do Carabela e do Imperial, entre outros.

En 1941 publica o seu poemario castelán *Al aire de tu vuelo*, singular libro de noivado con poemas amorosos escritos dende 1938, moi influídos polos poetas da xeración do 27 española. Tamén en

1947, en Edicións Céltiga publica *Bailadas, cantigas e donaires*, poemas neopopularistas prologados por Bouza-Brey.

Colabora en *Sonata Gallega* (1944-1952), revista dirixida por Ramón Peña; nela consta desde o seu segundo número como coordinador das «Seleccións literarias».

Tamén é redactor xefe en *Finisterre* (1943-1946), revista dirixida por Emilio Canda. Escribe abondosas prosas no semanario pontevedrés *Ciudad* e noutros soportes como *Mar*, *Guía Anuario de Pontevedra* e *Mensajes de Poesía* de Vigo.



Entre setembro de 1948 e xullo de 1949, colabora coas emisións radiofónicas do «Galician Programme» da B.B.C. de Londres, que coordinaba Francisco Fernández del Riego.

En 1949, Celso Emilio é chamado por Sabino Torres Ferrer para que, xunto con Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Novás leven adiante a colección Benito Soto de poesía, primeira empresa editorial que daría a coñecer poemarios en galego na posguerra, entre eles *Musa alemá* (1951), escolma de quince poemas de poetas alemáns como Hölderlin, Dehmel, Rilke, Heine, Miegel e Werfel traducidos por Antonio Blanco Freijeiro e versionados polo propio Celso Emilio.



Con Xosé María Álvarez Blázquez, a finais dos anos 50 en Pontevedra.

Actividades:

1. Procura información na rede ou nalgunha enciclopedia ou dicionario de autores sobre algúns dos autores citados nesta sección: Francisco Fernández del Riego, Manuel Cuña Novás, Fermín Bouza-Brey ou Xosé María Álvarez Blázquez –a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2008.

2. Repara tamén nalgúns dos autores alemáns traducidos en *Musa alemá*: Hölderlin, Dehmel, Rilke, Heine... Procura informacións sobre eles.

3. Sabes algo da colección de poesía Benito Soto? Investiga sobre os libros que publicaron: os seus títulos e autores.

4. Le este poema de Celso Emilio Ferreiro.

Vintecinco anos de paz

España, sangue e area:
trinta millós de farrapos
atados a unha cadea.

Todos levan sobre a faz
un carimbo de tristura:
vintecinco anos de paz.

Paz de cuartel, paz de preso,
paz de pobo asoballado,
paz de pau e tente teso.

Paz do conde de Fenosa,
gran cabaleiro da industria
que asulaga a terra nosa.

Paz de osario e cimiterio,
paz de chaira inhabitada,
paz de oprobio e cautiverio.

Paz de mazmorra e censura,
paz de mansos periodistas

lambecús da dictadura.

Paz de roubo financiado,
paz de pulpo monopolio,
paz de fusil apuntado.

Paz de bispo troglodita,
solideo insolidario,
don Oppas hermafrodita.

España, sangue e area:
trinta millós de pantasma
van pasando en estadea.

- Procura no dicionario o significado das palabras que descoñezas.
- A que período histórico cres que se refire o autor?
- Investiga esa referencia explícita ao “conde de Fenosa”.
- Que é a “estadea”? Que quere significar aquí aplicado a “trinta millós de pantasma”.

4. 1950-1966: “Fe, fe, ferrové, / ferrové, ferrovello”: VIGO

En outubro de 1949 obtén o título de Procurador dos Tribunais e en setembro de 1950 marcha a Vigo exercer como tal. Na cidade olívica vai compaxinar seu traballo de procurador co de accionista nunha oficina de seguros sociais primeiro e co de director dun obradoiro de fotogravado despois.

Publica *Voz y voto* (1955), poemario social publicado nas Gráficas Numen de Vigo, aínda que polo seu carácter clandestino

figurase falsamente impreso na inventada colección Papel de Estraza da Editorial Rex de Montevideo.

Dá ao prelo *O sonho sulagado* (1955), onde recolle trinta e unha composicións de diverso xorne, dende o intimismo saudoso da infancia pasando pola poesía reivindicativa ata cederlle espazos aos versos de orientación irónica ou sarcástica.

Publica *Longa noite de pedra* (1962), poemario co que se consagra como poeta, publicado na colección Salnés que el mesmo codirixía con Emilio Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego para a Editorial Galaxia. Con esta obra Celso Emilio consagrárase como escritor, pois o seu recoñecemento foi unánime tanto por parte dos lectores coma da crítica. Con todo, a sona de Celso Emilio como poeta veulle dada, en parte, polas edicións bilingües do poemario realizadas por El Bardo, unha editorial catalá dirixida por José Batlló.



No eido do ensaio publica *Curros Enríquez. Biografía* (1954), publicado pola Editorial Moret e no que achegou numerosos datos ou informacións até daquela descoñecidas. Por outro lado colabora

adoito revista viguesa *Alba*, da que chegou a formar parte do consello de redacción dende 1952 e mais en *Aturuxo* de Ferrol, na mexicana *Vieiros* e a revista mallorquina dirixida polo seu amigo Camilo José Cela, *Papeles de Son Armadans*.

Xa desde 1949 publica con certa asiduidade no xornal *Faro de Vigo*, onde mantivo diversas columnas ata o ano 1964. A máis coñecida foi a titulada «La jaula de los pájaros raros» que ademais ía ter unha publicación en libro independente, prologado por Camilo José Cela; proxecto que finalmente se fanou. En parte este proxecto foi recuperado en 2005 no libro *Semblanzas, crónicas e artigos*: primeira compilación dunha parte fundamental da súa obra dispersa publicada nas páxinas de *Faro de Vigo* ao longo de case trinta anos, xunto cun novidoso conxunto de gorentosas e sorprendentes crónicas informativas sobre o Camiño Portugués, alén de diversos artigos nos que o autor de Celanova revela claves da súa vida e obra como os que se achegan aos seus lugares, á literatura, á sociedade do seu tempo, á política, á gastronomía, á cartomancia ou á visión peculiar que el gardaba do feito histórico, entre outros temas.



*Te pido mil perdóns por a tardanza.
Fundo sempre unhas agoñadas de trabazo.
Un firme abraço de teu sincero*

CAMILLO JOSÉ CELA

Madrid, 19.II.52.

Querido Celso Emilio Ferreiro,

Tu JAULA DE LOS PÁJAROS RAROS es espléndida, divertida, sabia y llena de vida. Yo te la prologaré muy gustoso si me esperas un poco. Este mes ha sido -o está siendo- para mí de mucho trabajo, que culminará la próxima semana con un ciclo de cuatro conferencias que voy a desarrollar en la Universidad de Salamanca. Pero en marzo buscaré unas horas para tí. Siempre he creído en tus dotes de escritor y tus cuartillas han venido a confirmar, con creces, mi diagnóstico. ¿Me esperas?

Un abrazo de tu amigo,

*que te recuerda con cariño a las y a las amigas,
andanzas a uñigas, cantallas y autoridades porite verdades,*

Camilo José

Carta de Camilo José Cela a Celso Emilio na que lle confirma o seu desexo de prologar ese libro non-nato: La jaula de los pájaros raros.

Ao tempo colabora noutros soportes: *Litoral*, *Vida Gallega*..., e en xornais como *El Ideal Gallego*, *La Región* de Ourense ou o *Diario de Pontevedra*.

Desenvolve, ao tempo, unha intensa actividade cultural como demostra a súa participación no Congreso Internacional de Poesía en xullo de 1954; nas Conversacións Poéticas de Formentor en 1959; ou no Congreso Internacional de Etnografía de 1963 en Portugal. Ao tempo recibe galardóns literarios como nos II Xogos Florais da

Asociación Cultural Santa Cecilia de Marín en agosto de 1962 e nos Xogos Florais de Ourense en xullo de 1963.

Politicamente prosegue co seu activismo político, tenteando a formación do P.C.G. Con todo o 25 de xullo de 1964 xa se atopa entre os dez membros fundadores da Unión do Pobo Galego, á que pertencerá ata a súa ruptura definitiva en setembro de 1974.

En 1962 figuran inseridos na colectánea *Canti della nuova resistenza spagnola (1939-1962)* catro cantigas e dous sonetos antifranquistas da súa autoría.

Actividades:

1. Procura o significado da palabra clandestino. Que quere dicir “libro clandestino”?
2. Neste período dá a coñecer dous poemarios en lingua galega que son fundamentais para estabilizar a súa presenza como gran poeta na posguerra. Lembra os seus títulos.
3. Procura nunha biblioteca o libro *Semblanzas, crónicas e artigos* (Xerais, 2005) e lede en alto na clase algún texto de “La jaula de los pájaros raros” ou algún outro que vos interese dese libro.
4. Le este poema:

Amencer en Vigo

Unha fiestra alcendida
na noite da cidá
é coma un ollo insomne.

Balbordo a bordo dos bous.

Os tranvías van, fe,
fe, fe, ferrové,

ferrové, ferrovello
polas rúas en costa coas leiteiras.

“Canta, cantore,
meu compañeiro”,
dice o borracho
na rúa baixo a lúa derradeira.

“Anda compadre,
xa son as seis e meia.”
Un odioso reloxo despertador
crebóu o petenexo
da fámula María.
I entón o señorito,
dempóis de agallopas coma un centauro
polos leitos noxentos dos prostíbulos,
pedíu o desaúno a grandes voces.

- Apunta todos os personaxes que aparecen neste poema e describe como están caracterizados.
- Como se caracteriza a cidade de Vigo a ollos do poeta?
- “Canta, cantore, / meu compañeiro”, pon o poeta en boca dun personaxe. Rastrea algún verso, dito, modismo ou frase feita de carácter popular e sinala o seu significado.

5. 1966-1973. CARACAS: O DURO EXILIO

En ocasións disfrazado como “aventura migratoria” ou termos semellantes, a saída de Celso Emilio Ferreiro cara a América responde, na realidade, á única posibilidade que lle quedaba logo de sentir moi moi próximo o alento da persecución das forzas represivas do réxime franquista. Relátao moi diafanamente nunha carta persoal dirixida a Camilo Díaz que a continuación reproduce e que explica porque aceptou o posto de activista cultural no seo das Irmandade Galega de Caracas.

Caracas 15-9-66

Sr.D. CAMILO DIAZ
MAGDALENA

Ben querido amigo:

Supoño que estará enteirado da miña vinda a Caracas, onde vivo dende fai tres meses. Os ventos corréronme contrarios e ti ven que abandonar a Terra. A policía preguntaba por min, abríame a correspondenza, interveñíame o teléfono, seguíanme os pasos e, sin dúbida, terminaría por dar connigo na cadea. Os amigos -alguns amigos- pecháronme as portas coma si fose eu un apestado; outros, negáronme a súa axuda, e os mais, fixéronse os xordos. Resumindo: nunha arrotada decidín aceptar a invitación de Irmandade Galega de Caracas e quedarme eiquí namentras nos se craxa o panorama, que eu coido será nun par de anos.

Con todo, os seus amigos forman unha comisión organizadora para preparar unha grande homenaxe de despedida. Así reúnen-se Luís Soto e Xosé Luís Méndez Ferrín, en representación da U.P.G., con Xesús Alonso Montero, voceiro naquela xuntanza do P.C., e acordan aproveitar a convocatoria da comida-homenaxe de despedida para significar nela un importante acto de protesta diante da decisión do goberno de Franco de asolagar as fértiles veigas de Castrelo de Miño e Ventosela en favor dos proxectos de FENOSA.

O domingo 15 de maio de 1966 celébrase nos baixos do Hotel Roma de Ourense o xantar. Acoden a el douscentos cincuenta comensais, recibíndose mil duascentas cincuenta adhesións. Pronuncian discursos para a ocasión Ramón Otero Pedrayo, Antón Tovar, Eduardo Blanco Amor, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Emilio Álvarez Blázquez, entre outros.

Na Hermandad Gallega venezolana ocúpase da dirección, redacción e confección do periódico quincenal *Irmandade*, da dirección e orientación do Cine Clube da sociedade, da dirección e redacción da emisión radiofónica «Sempre en Galicia» e mais da dirección e orientación da «Escola Castelao» de primeiro ensino.

Funda e preside dende 1967 a Agrupación Nós, entidade que

pretendía politizar nun sentido claramente nacionalista á Hermandad Gallega.



Como responsable do boletín da Irmandade, no nº 17, xuño-xullo, de 1967, Celso introduce un antigo logotipo da UPG.

Pouco despois unha facción da Hermandad en sintonía cos desexos do embaixador de España en Venezuela acaba co labor dinamizador do poeta coa vitoria conseguida a través dunhas eleccións fraudulentas.

En xullo de 1968 recibe comunicación oficial da Hermandad da súa expulsión nunha carta coasinada polo presidente e o secretario xeral.

Comeza un percorrido laboral que o leva dun traballo a outro: profesor de gramática castelá nunha academia, corrector de probas na imprenta dun galego emigrado..., oficios que perderá rapidamente debido á persecución á que se ve sometido por parte dos directivos da Hermandad.



Celso Emilio e Moraima en Venezuela.

Obtén a cidadanía venezolana en marzo de 1969 e por mediación de Antidio Cabal logra en 1970 acceder ao posto de corrector de estilo no Gabinete de Prensa da Oficina Central de Información do entón presidente Rafael Caldera. Algúns directivos da Hermandad chegana filtrar a xornais galegos a falsa noticia da súa morte e de seu fillo, que foi así anunciada por *La Región* o 25 de marzo de 1970. Como reacción Celso Emilio publica como *Viaxe ao país dos ananos* (1968), que na súa primeira parte constitúe un ataque a eses emigrantes enriquecidos e envilecidos.

No mesmo ano publica en Caracas ese mesmo ano *Cantigas de escarnio e maldicir*, asinado polo seu heterónimo satírico Arístides Silveira. Obra que gozará de continuidade n' *Os autentes* (1973), significativamente subtitulada *Novas cantigas de escarño, cun introito, sete gómitos e unha náusea final*, folleto da autoría de Alexis Vainacova —outro dos seus pseudónimos— publicado ao chegar a España acaidamente por Ediciones Pirata.

Nesta liña publica en castelán, malia o título, *Fóronse á puñeta* (1973) —asinado co nome de Neskezas Cokhan Mordhe, editado polo selo Alén de Venezuela e xurdido como despedida sarcástica dos

entón directivos saíntes da Hermandad—, amais do romance de cego *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo. Romance de Arístides Silveira cun limiar tirado dos proverbios do Conde de Vimioso (o Vello) e epílogo de Celso Emilio Ferreiro* (1970), publicado en Ediciós do Castro por Isaac Díaz Pardo.

Pertence a este ciclo o libro de epitafios burlescos *Cemiterio privado*, 1973, publicado por un grupo de mozos nacionalistas que levaban adiante Ediciós Roi Xordo en Xenebra.

Esta vea lírica incendiaria confirmou a Celso Emilio como o poeta de preferencia entre os cantautores que, como voces musicalmente contestatarias, comezaban a agromar en Galicia, tendo un papel destacado na chamada “Nova Canción Galega” o que contribuíu a difundir aínda máis a súa poesía.

Publica *Terra de ningures* en 1969 na colección Val de Lemos da editorial Xistral, que dirixía en Monforte o poeta Manuel María con poemas asinados e datados en diferentes países polos que viaxara.

En 1970 edita os *13 poemas iracundos y una canción inesperada*, separata da revista caraqueña *Expediente*, nº 2, setembro 1970, publicación trimestral dirixida por Antidio Cabal. Gaña o IV Premio Internacional de Poesía Álamo de Salamanca que publica Antipoemas, pero sen dez composicións mutiladas. Celso Emilio publicará os dez poemas «expurgados» autoeditando en Caracas ese mesmo ano a carpeta *Poemas prohibidos. Diez poemas no incluídos en el libro «Antipoemas» por causas no imputables a la voluntad del autor*.

Publica o libro de relatos *A fronteira infinda*, en Edicións Castrelos de Vigo na colección O Moucho en 1972, incluíndo aquí elementos de filiación autobiográfica.

Desenvolve unha salientábel actividade política en Caracas no seo da UPG como responsábel da Secretaría de Relacións Exteriores deste partido, publicando durante un tempo o *Terra e tempo*. Asemade establece contactos co Consello de Galiza en Bos Aires solicitando unha credencial que o avalase como persoa autorizada para nuclear e coordinar unha delegación de tal organismo en Venezuela, credencial que lle sería concedida.

Nestes anos, nos Xogos Florais do Idioma Galego de Bos Aires de 1968, gaña o Premio Rosalía de Castro ao mellor «Canto á muller galega» polo seu poema «Miña Matria Galiza». Nos I Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães de 1970 resultará gañador na modalidade de poesía e da de narrativa.



Cabeceira dun número de Irmandade

Editorial

E un feito histórico indiscutível, o fracaso do estado centralista, instaurado en España polos Borbóns franceses. O feito ibérico resiste toda presión uniformadora. Nin Galicia, nin Cataluña, nin Basconia poideron ser obsorvidos na súas configuracións peculiares. Tal é a realidade ao longo dos séculos. Unha realidade básica, para que no futuro, cando a España lle chegue a hora do cãmbio que a Historia imporá inesoravelmente, os hespañois non volten a coller o camiño falso.

Isto no nquere decir o isolamento das nacionalidades hispánicas en reinos de taifas. Quere decir, simplemente, o seu recoñecemento e o libre consenso das súas liberdades, integradas na Hespaña varia e multinacional.

Unha nación é un feito da natureza, e non un aito da vontade dos homes. Toda nación é o resultado do longo vivir dun pobo, que, século tras século, vai construindo a súa sensibilidade ao compás dun ritmo e dun ambiente que modela o seu corpo e o seu espírito. Cada nación produce o seu propio xeito de vida material e moral. Iste xeito de vida chámase Cultura. Por iso, elí onde haxa unha cultura viva e diferenciada, como a temos en Galicia, elí hai unha nacionalidade que ten dereito a se desenvolver de por sí, sin a interferencia allea.

Unha Patria Galega. Unha patria que poida desenrolar a propia cultura libremente, e, tamén libremente, a poida conxugar coa cultura universal, recibindo dela o seu lúminosa aporte, e retribuíndoa coa colleita propia sin intermediarios. Ise é o noso degaro. Propra desenrolar a nosa cultura, Galicia percisa, denantes que ningunha outra cousa, que os galegos crean na realidade desta cultura propia. Pra creer non fai falla mais que ter fé. Non fai falla depouner outras creencias, nin renunciar as posturas políticas que cada ún profese. Basta con quererlle a Galicia, pro, non cos sentidos samente, senón tamén coa intelixencia. Formular en ideas craras ise amor que todo bon galego lle tén a súa terra. Procurar o coñecemento da súa historia verdadeira. Saber de que manantío abrollan os seus males pasados e presentes. Analizar as causas da súa postración aítual, e saber que dende comenzos de iste século, Galicia tén dado ao mundo UN MILLON DE EMIGRANTES. E preguntar, sinxelamente, ¿por qué?

Após de iste formulamento, o camiño seranos mostrado doadamente. E xa non importa que cadaquén pense que o xeito de arranxar as cousas da nosa terra é de unha maneira ou de outra.

E non importa poque o punto de partida será para todos nós Galicia, que é, polo de hoxe, o que a todos nós debe importarnos.

“Editorial”, sen asinar mais da autoría de Celso Emilio Ferreiro, en Irmandade, nº 14, decembro-xaneiro 1967.

Actividades:

1. Le o anterior texto de Celso Emilio e resume o seu contido. Cal é a ideoloxía que destila.
2. Procura algún poema de Celso Emilio n’*O soño sulagado* e algún outro de *Viaxe ao País dos Ananos* nos que o poeta

- exprese a súa opinión sobre a emigración. Logo compara as visións e intenta xustificar a que se debe o cambio de óptica.
3. Que é un romance de cego? Que ten que ver a obra de Celso Emilio con isto?
4. Le o seguinte poema de *Viaxe ao País dos Ananos*:

1

Eu, Gulliver Ferreiro, bon galego,
solemnemente digo:
Esilado na miña propia Terra,
canso de ollar as mesmas torres sempre,
farto de ver as mesmas caliveras
–fasquía de vivir pecho nun sótano–
quixen seguir o rumbo do meu pobo,
o ésodo sin fin dos emigrantes.
Troquéi os lares patrios
polos eidos alleos
e percorrín o mundo coma un nómada
compañeiro do vento e das estrelas.
Camiñéi á ventura,
naveguéi día e noite, mar adentro,
paséi as illas páledas,
vin o peixe voador i os arroaces,
deixéi á esquerda as augas dos Sargazos,
cheguéi ás moles praias do mar quente,
do eterno vrau vestido de bikini,
choutando pola area.
(Veda Woodlake decía quedamente:
“O mar non é un camiño innumerábel;
é un gran corazón abandonado”.)
Non quixen escoitar
teus cantos de sereia,
Veda Woodlake. Buscaba
aos meu irmáus perdidos. Rosalía
choróu por iles bágoas de esperanza.
Curros berróu os seus trenos inmorrentes
i eu mesmo un día dixen (mália a hora!)
que os nosos emigrantes
“erguen seus urros ceibos e labouran
cos músculos encheitos de esperanzas
lonxe da patria

coverta de cadeas e de tombas.”

-Refírese, neste poema de corte autobiográfico, ao seu percorrido vital e a outros asuntos. Tenta deseñar, en prosa, a traxectoria que aquí reflicte.

6. 1973-1979. MADRID E O FINAL

A primeiros de 1973 retorna a España con destino a Madrid logo de que Álvaro Gil o contrata para traballar na revista *Tribuna médica*, da que era presidente do consello de administración. De novo son moitas as portas se lle pechan en Galicia.

Dedícase tamén ao Ateneo Científico, Literario y Artístico de Madrid, no que desempeñará o cargo de Director da Aula de Cultura na sección de Literatura Galega dende o primeiro de xullo de 1974, desenvolvendo unha intensa actividade cultural, non exenta de certa polémica.

Publica en edición bilingüe, impreso por Editora Nacional, *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), o poemario máis intimista do autor, marcado pola temática amorosa e evocadora da infancia en Celanova entendida como paraíso perdido, poemario que foi Premio da Crítica de Poesía Galega de 1976.



Celso Emilio con Ernesto Cardenal, en Madrid (1977)

Publica *Al César enano* (1975), recompilación asinada baixo o pseudónimo de Stow Kiwotto Lumen que recolle unha ducia de versos antifranquistas do poeta escritos entre 1961 e o momento da súa publicación.

Dá a coñecer en Ediciós Castrelos *A taberna do Galo* (1978), que non son unhas «memorias nun senso estricto, senón que se trata dunhas memorias maxinadas baseadas en feitos reais». En realidade, este libríño recolleu o que era o primeiro capítulo dunhas máis longas «Memorias de nunca» que xamais chegou a publicar como tales, aínda que si se conservan fragmentariamente. Publica asemade *Curros Enríquez: Obra poética completa* (1977) e *Cementerio privado* (1974) para as Ediciones Expediente de Caracas; edita a súa propia *Antología* (1977) bilingüe para Plaza y Janés de Barcelona (única escolma esta xunto coa portuguesa *Autoescolha poética (1954-1971)*, de 1972); e supervisa a publicación dos primeiros volumes das súas *Obras completas* (1975, vols. I e II, 1981, vol. III) para Akal e a versión corrixida

e aumentada para Ediciones Júcar de Xixón da súa clásica biografía sobre *Curros Enríquez* (1973).

Desenvolve tamén unha intensa actividade cultural en moi distintos lugares, entre os que salientan a súa participación, xunto con Carlos Velo e Méndez Ferrín, na homenaxe mexicana a León Felipe en 1973 ou a representación das letras galegas en Congresos desenvoltos en Venecia (1976), Almería (1979) ou Canarias (1979) Pronuncia varios pregóns, como os de Celanova ou Lalín, e participa nunha homenaxe que se lle tributa a Antonio Machado en Salamanca.

Colabora no xornal *ABC*, entre outros, asinando a sección «Mirador Literario: Escrito en Gallego», na que ía dando conta das novidades literarias galegas.

Sitúase na órbita do Partido Socialista de Galicia (P.S.G.) e concorre como candidato da fronte multipartidista Candidatura Democrática Galega a un escano de senador pola provincia de Ourense nas primeiras Eleccións Xerais de 1977. Implicado de cheo neste proceso electoral, participa na campaña dando mitins (en Ourense, A Coruña...) e recitando o “Romance eleitoral do cego de Trasmiras”. Non sae elixido por un escaso milleiro de votos. Por outro lado, nos seus últimos tempos achegouse aos postulados do PSOE.

O 30 de agosto, mentres gozaba dun período vacacional en Vigo, falece na súa casa e o 1 de setembro é soterrado en Celanova.

Postumamente aparece *O libro dos homenaxes* (1979), do que entregara o seu orixinal ao seu amigo Xesús Alonso Montero oito días antes de falecer. A obra é unha compilación de textos a maior parte deles xa publicados en revistas e

mesmo en libros anteriores. Júcar edita os relatos de *El alcalde y otros cuentos*, autotradución ao castelán dos contos que compuñan *A fronteira infinda* con algunha adición, que no 2007 apareceu reeditado baixo o título de *La frontera infinita* (Faktoría K de Libros).

Sucédense as homenaxes á súa memoria entre os que destacan os actos do Polideportivo do Sar en Santiago de Compostela o 28 de outubro e a do 3 de novembro no Palacio dos Deportes de Madrid.

En 1981 o Concello de Vigo instituíu o Premio de Poesía Celso Emilio Ferreiro, e por ese mesmo tempo creábase en Santiago a Fundación do mesmo nome e en 1989 dedícaselle o Día das Letras Galegas, o que provocou a aparición de abondosos estudos e monografías sobre a súa obra e a súa peripecia vital.

Por último, no 2003 celébrase o 25 cabodano da seu falecemento, realizándose numerosos actos na súa honra e a reedición de boa parte da súa obra, ademais da publicación de obra inédita e non compilada.



Actividades:

1. Escollede algúns poemas de *Onde o mundo se chama Celanova* e organizade un recital na clase.
2. Procura información sobre Ernesto Cardenal ou Antonio Machado.
3. Relaciona tematicamente a poesía de Blas de Otero, Salvador Espriu, Gabriel Aresti e Celso Emilio Ferreiro.
4. Le os seguintes poemas:

Vispras

Na memoria de Blas de Otero

Chegou á derradeira encosta da montaña
coas misteriosas luces sobre os médanos,
co seu baúl ó lombo.

Dende aquí vexo o mar acolá diante,
dixo, axiña saberéi quén son.

O intre de zarpar vaise achegando,
é hora de ceibar as pombas.

Adeus, paisaxe irrepetivel da vida,
coas misteriosas luces sobre os médanos,
os insones abrentes

nos muiños albares da esperanza.

Adeus horas de dor e de ledicia,
lonxe ficou o páxaro dos sonhos
e o rito ardente da segreda ira.

Non voltarán as rosas
nen o esplendor dos máxicos fulgores.

O tempo pasa, devala o lusco-fusco,
escrito está nos signos das estrelas.

Se perdes a mañán, perdes o día,
quen perde a mocedá, perdeu a vida.

Eiquí será

Á memoria de Aquilino Iglesia Alvariño

Quero morrer eiquí (cando me chegue

a hora da viaxe que me agarda).
Eiquí niste silencio
de pombas arroladas,
niste vento que dorme nos piñeiros
un profundo soño de arelanzas.
Quero morrer eiquí cos ollos postos
no fumar das tellas, na borralla
do tempo, fronte a fronte
de mín, aberta a ialma
aos latexos das horas, nunha tarde
ateigada de arpas.
Van e veñen as nubes viaxeiras,
as anduriñas pasan.
O pandeiro da chuvia
repenica unha maina
melodía de outono,
que no roncón do río se acompasa.
Quero morrer eiquí. Ser sementado
nesta miña bisbarra.
Finar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.

- Procura o significado das palabras que descoñezas.
- Que elementos temáticos comparten os dous poemas?
- Cales son as súas diferenzas?
- Como clasificarías estes poemas: reivindicativos, irónicos, intimistas...? Cal son os que máis che gustaron dos que aquí coñeciches?
- Para finalizar redacta nun folio os aspectos biográficos máis salientables da biografía de Celso Emilio e algúns dos riscos caracterizadores da súa poesía.